

Título del proxecto: PARQUE EÓLICO ENTREMARCOS DE 60,2 MW E A SÚA LIÑA DE EVACUACIÓN, NOS TERMOS MUNICIPAIS DE FRIOL, BEGONTE, GUITIRIZ, RABADE, OUTEIRO DE REY E CASTRO DE REY, NA PROVINCIA DE LUGO

Órgano Substantivo: D.G. DE POLITICA ENERGETICA Y MINAS MINISTERIO PARA LA TRANSICION ECOLOGICA Y EL RETO DEMOGRAFICO Fin prazo de alegacións: 8 de setembro de 2021. <https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/navServicioContenido>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS
<p>Parque Eólico "Entremarcos" e a súa liña de evacuación</p>	<p>Volantis Renovables S.L.U. Grupo Tasga Renovables</p>	<p>Friol, Begonte, Guitiriz, Rábade, Outeiro de Rei e Castro de Rei na provincia de Lugo Comarcas de Terra Chá e Lugo.</p>	<p>Catorce máquinas modelo Vestas V-150 de 4,3 MW, polo que a potencia total do parque será de 60,2 MW. A evacuación da enerxía eléctrica xerada, efectuarase en ambos os casos mediante unha liña eléctrica aérea de 132 kV ata a subestación de Ludrio. Torre meteorolóxica de 105 m de altura total. O Parque Eólico " ENTREMARCOS" evacuará a enerxía mediante unha liña aérea de 132 kV ata a subestación de Ludrio, discorrendo polos seguintes termos municipais: Guitiriz, Begonte, Rábade, Outeiro de Rey e Castro de Rey. O tendido constará dun simple circuíto de condutor A-180, máis un cable de fibra óptica do tipo OPGW-48, que efectuará ademais a función de cable de terra. A liña de evacuación do parque eólico de Entremarcos finaliza na subestación "Subestación colectora xeración 132/400 kV Ludrio". Esta subestación colectora é obxecto doutro proxecto, cuxo promotor é Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U. Por Resolución do 30 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello de la Xunta de Galicia, do 18 de outubro de 2018 outórgase ao proxecto a citada subestación colectora as autorizacións administrativas previa e de construción, a declaración de utilidade pública, así como a</p>	<p>Prexuízos significativos e irreparables para os recursos hídricos: A riqueza hídrica da zona do proxecto é espectacular. É imposible que a instalación dos 14 aeroxeradores previstos non afecte á multitude de ríos, regos, lagoas, brañas, insuas, fontes e mananciais que hai no territorio. A empresa promotora se houberse realizado un estudo hidrolóxico previo, serio e rigoroso concluiría que a afección hídrica é irreversible. Así por exemplo, atópanse os seguintes ríos e regos, ademais de moitos outros innominados que hai nas inmediacións do parque: Parga, PortaVella, Fonte do Lobo, rego de Rebordiño, rego de Leborciños, Ponte Castro, río Saa, rego de Porto Carro, rego Ameneiro, rego de Canllón, rego de Porta Mornelo, rego de Porto Lousado, rego do Lobo, rego de Porto Seixo, río Ladra, rego da Barra, rego da Ponte, rego da Fonte, rego do Pedragoso, rego Merlán, rego das Veigas de San Lourenzo, rego das Bullas, río Lega, río Miño, rego da Forcada do Lobo, rego do Requeixo, rego de Riocaldo, río Lavandeira, rego do Fondal, rego do Feó, rego da Besta, rego de Castelo, Rego do Fró, rego do Porto Landeira, rego de Portaxestas, rego Real dos Muíños, rego de Porto Muíño, o Regueiro. Fonte do Marelo, Fonte de Riba das Fungas, Fonte do Foxo, Fonte da Revolta, Fonte de Tras da Roza, Fonte de Foxo de Neirón, Fonte do Rego da Besta, Fonte do Curuxol, Fontemiñá, Fonte do Sal, Fonte do Rego Valbón, Fonte dos Bullos. O rego de Portocarro divide as brañas da Leixela dá Braña Redonda no Marco do Monte Vello, regadas por este río e a fonte da Revolta e a fonte do Foxo. Prexuízos significativos e definitivos para as brañas, humidaís e lagoas afectadas: Lagoas de Pedroso, lagoas de Carballosa, lagoa da Ramada. O parque prevé a súa instalación na Braña, Braña Redonda, a Braña de Leixela, As Gándaras, río Portocarro, o Pastizal de Pedrafitá, río O Porto, Os Brañóns, Cordal das Insuas, Braña de Parga. A liña de evacuación ata o punto de evacuación SET Ludrio afecta ao río Lea, rego do Porto do Muíño (que recolle as augas do Monte de Touzón), A Pontella. Cruza o rego Olas e o río Rozas que recolle as augas do Monte Mouro. Pasa polo núcleo do Cruceiro e preto do da Torre, con importante afección paisaxística e descontextualización patrimonial. Cruza o rego das Veigas de San Lourenzo con gran impacto visual para os núcleos de Vilela e O Couto. Atravesa a Agra de Arcos, Agra das Cavadas, Agra dos Condados, a Agra do Foro, a Agra da Senra, A Agra de Lousao. Atravesa o Rego de Pedragoso, o río Negro e as Brañas da Ínsua. Entra en Rábade afectando á Agra da Fonte Vella e a varios núcleos de poboación. Xa en Rábade pasa preto da Capela de Santo Tomé en dirección Agra de Arriba. Atravesa o río Ladra. Pasa preto do núcleo de Senande e a Eirexe, do muíño de Daniel e atravesa o rego da Lama. Cruza os Agros de Esportel, os regos de Porta de Mornel e Portaferreira e o Regueiro. Pasa preto dos núcleos de Santa Marta e San Vicente da Pena. Tras cruzar os regos de Trascastro e Porto Lousado pasa pola Cordal de Corvaceiras e entra na poligonal do parque pola Pena Longa e o Colmeiro. Afecta de forma severa as núcleos de San Mamede de Pedrafitá.</p>

			<p>prevalencia con diversos aproveitamentos forestais e a compatibilidade cun dereito mineiro (expediente IN407A 2017/6-0).</p>	<p>A poligonal do parque chega ata os núcleos de Transmonste, Abeleira, O Fontao,... O proxecto prevé a instalación de muíños enriba das Brañas de Leixela que recollen as augas do Marco do Monte Vello. Pero tamen no Monte do Fró, na Agra de Lamaxón. Pero tamén na Braña Redonda, no Cordal do Seixo, a Roxa do Cordal, afectando á Pedra do Couto, ao Marco da Ribada e con afección severa a Fonte da Revolta, Fonte do Foxo, Fonte do Sal, a Fonte da Laxe, a Fonte do Lobo...etc.</p> <p>Nun área dos “mil ríos” non podían faltar os muíños fariñeiros que se contan por dúcias: Muíño de Gabino, Casa do Muíño, Muíño de Daniel... e as pontellas que cruzan os regos. Por algo Guitiriz está dentro da Ruta da Auga.</p> <p>Afección á Reserva da Biosfera Terras do Miño: declarada en Galicia pola UNESCO, o día 8 de novembro de 2002.</p> <p>A Reserva esténdese por 26 municipios: Oulol, O Valadouro, Muras, Alfoz, Mondoñedo, Abadín, Xermade, Vilalba, A Pastoriza, Riotorto, Guitiriz, Cospeito, Meira, Begonte, Rábade, Castro de Rei, Outeiro de Rei, Pol, Lugo, Friol, Castroverde, Guntín, O Corgo, #Baralla, O Páramo e Láncara, onde, xunto a monumentos milenarios cuxas pedras foron testemuña da presenza de antigos poboadores, atópanse tamén, castelos, torres e fortalezas, que gardan as máis increíbles historias de amor do Medioevo.</p> <p>Todo iso, asolagado por un inmenso sentimento de frescura no que as cores se combinan para formar un das paisaxes naturais máis belos co que se pode atopar o ollo humano.</p> <p>A auga, a orixe da vida, loce a súa beleza nas diferentes correntes e fervenzas ao debuxarse en pequenas pingas que nos lembran que estamos inmersos en plena natureza.</p> <p>Todo aquí está unido por camiños milenarios que nos levan a un mundo de lendas que rememoran as súas orixes, desde os celtas e romanos ata os seus habitantes de hoxe que manteñen un estreito vínculo coa terra e reciben ao visitante cunha hospitalidade única. É o vivo reflexo das tradicións de Terras do Miño.</p> <p>Unha paisaxe dominada pola auga que flúe libre desde as serras que circundan a Reserva para, despois, cruzar o territorio ao ritmo imposto pola escasa pendente desta paisaxe mesetario coñecido como Terra Chá. Unha orografía que favorece a formación de valiosos ecosistemas ligados á abundancia de recursos hídricos.</p> <p>É esta una das principais características da Reserva da Biosfera Terras do Miño, que ocupa unha extensión de 363.669 ha, o que a converte na segunda máis extensa de todas as declaradas na Península Ibérica, ocupando un 39% da provincia de Lugo.</p> <p>É, ademais, unha das de maior densidade de poboación, pois no seu territorio atópanse importantes núcleos urbanos. Asentamentos humanos que deixaron o seu sinal na rexión, en forma de sobresalientes valores patrimoniais, testemuñas dunha longa historia.</p> <p>Prexuízos significativos e incompatibles co mantemento dos hábitats prioritarios e de interés comunitario nun estado de conservación favorable: Afección severa e prexuízos significativos e irreversibles para a bosque de ribeira (hábitat prioritario). Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser por tanto nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable. Cómpre salientar que os hábitats prioritarios 4020* Brezais húmedos atlánticos de Erica ciliaris, 7110 * Turbeiras altas activas, 91E0 * Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno- Padion, Alnion incanae, Salicion albae) veranse afectados significativamente e de xeito irreversible pola estación eólica e a súa infraestrutura de evacuación. 9230. Bosques galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pirenaica, 9260 Bosques de Castanea sativa.</p> <p>Afección significativa e severa para a Paisaxe.</p> <p>Alto do Carqueixal, Alto da Nosa Señora, A Serra Gorda, Cordal das Ínsuas, Cordal Cal de Froi,</p>
--	--	--	---	---

Cordal de Ousá, Monte de Santo Tomé, Mirador e Capela de Santo Alberte, Ermida de San Ramón... Marco de Ribada, Pedra do Couto, Marco da Pedra do Couto, Cordal do Seixo, Roxa do Cordal, Cordal da Tumbadeira, AsPenas do Fró, Monte de Laxes

Afección severa e irreversible para os núcleos de poboación e ás familias que viven e residen neles:

Núcleos de Vilarmende en Friol, O Lousado, O Carballedo, parroquia de Trasmonte, As Regas, As Fungas, Montouto de Arriba, Xulfe, Montouto de Abaixo, Bouzaboa, O Pazo, O Abeledo, Vieiro, San Mamede de Pedrafita, Sta. Locaia de Parga (Eirexe), Costoiras, O Pereiro.... E moitos outros núcleos dispersos.

Afección significativa e severa á Rede Natura:

Parga - Ladra - Támoga

Código ZEC

ES1120003

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

Concellos

Abadín, Baleira, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guitiriz, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade, Vilalba, Xermade.

Superficie

4.939 ha.

Situación

No cuadrante noroccidental da provincia de Lugo, pertencente ás comarcas da Terra Chá e Lugo.

Localidades de referencia: Guitiriz, Parga, Friol, Xermade, Vilalba, Begonte, Rábade, Outeiro de Rei, Feira do Monte, Castro de Rei, Lugo.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Parga – Ladra – Támoga", de 4.938 ha.
- Reserva da Biosfera "Terras do Miño"

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3110	Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areentas (<i>Littorelletalia uniflorae</i>)
3120	Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo sobre solos xeralmente areentos do mediterráneo occidental con <i>Isoetes</i> spp.

3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3140	Augas oligomesotróficas calcarias con vexetación béntica de <i>Chara</i> spp.
3150	Lagos eutróficos naturais con vexetación <i>Magnopotamion</i> ou <i>Hydrocharition</i>
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodion rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.
4020 B	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 B	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230 B	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
7110 P	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7210 B	Turbeiras calcarias do <i>Cladium mariscus</i> e con especies do <i>Caricion davallianae</i>
7230	Turbeiras baixas alcalinas
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
91D0 B	Turbeiras boscosas
91E0 B	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
91F0	Bosques mixtos de <i>Quercus robur</i> , <i>Ulmus laevis</i> , <i>Ulmus minor</i> , <i>Fraxinus excelsior</i> ou <i>Fraxinus angustifolia</i> , das veigas dos grandes ríos (<i>Ulmion minoris</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Eryngium viviparum</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
<i>Luronium natans</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Rutilus arcasii</i>
<i>Narcissus asturiensis</i>	<i>Euphydryas aurinia</i>	
<i>Narcissus pseudonarcissus</i> ssp. <i>nobilis</i>	<i>Lucanus cervus</i>	
<i>Sphagnum pylaisii</i>	<i>Macromia splendens</i>	
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	

Oxygastra curtisii

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

Fragmentación do territorio, dos hábitats e perda de biodiversidade:

Ferrocarril, Nacional VI, estradas, camiños, novos camiños de acceso ao parque eólico e outros parques eólicos na Cordal de Ousá.

***Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental:** deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...

***A promotora obvia a importancia micolóxica da área de afección do proxecto.**

***A promotora obvia a importancia económica da produción de castaña en réxime ecolóxico polo que respecta á afección aos soutos.**

VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribue a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. Así os apoios da liña de evacuación, a maioría deles, prevense localizalos sobre explotacións forestais e madeiras. Os apoios localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEREIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestruturas eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A

empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre destas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectado.

Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood: **Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. “Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”

Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia. O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican: “• Recomendase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido. • É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”. A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica. O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL: SEN AVALIAR